

**CENTRO:**
**DATOS DO ALUMNO**

Nome	Apelidos	Curso a realizar:	Data de nacemento:
------	----------	-------------------	--------------------

**DATOS PERSOAIS DO TITOR/A 1**

Relación co alumno: Nai <input type="checkbox"/> Pai <input type="checkbox"/> Titor/a <input type="checkbox"/>	Nome	Apelidos	DNI	Nacionalidade
Enderezo	Código Postal	Localidade	Provincia	
Tel. fixo	Tel. Móbil 1	Tel. móbil 2	Email	¿Traballa actualmente? Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

Se podrá solicitar justificación en el caso de necesidad de baremación

**DATOS PERSOAIS DO TITOR/A 2**

Relación co alumno: Nai <input type="checkbox"/> Pai <input type="checkbox"/> Titor/a <input type="checkbox"/>	Nome	Apelidos	DNI	Nacionalidade
Enderezo	Código Postal	Localidade	Provincia	
Tel. fixo	Tel. Móbil 1	Tel. Móbil 2	Email	¿Traballa actualmente? Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

Se podrá solicitar justificación en el caso de necesidad de baremación

**DETALLE DO SERVIZO SOLICITADO:**

	Luns	Mar	Mérc	Xov	Ven	Calend. días	Esporádico	Data comezo
Xantar ESRCOMID00	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
ESRATTEMCO Madruga con almorzó	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
ESRATTEMPO Madruga sen almorzo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

**DETALLE DOS SERVIZOS PRESTADOS E PREZOS CURSO 24-25**

- **Servizo comedor escolar** 5,68€/día
- **Servizo de comedor escolar esporádico** 7,49€/día
- **Servizo con almorzo** 3,51€/día
- **Servizo de almorzo esporádico** 4,73€/día
- **Servizo sen almorzo** 2,64€/día
- **Servizo sen almorzo esporádico** 3,98€/día

**ALERXIAS OU INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS (enviar xustificante ou informe médico actualizado)**

SÍ	NON	Detalle alimentos:
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

**DATOS BANCARIOS DO PAGADOR DO SERVIZO**

IBAN (24 díxitos en grupos de 4)	Titular da Conta (só si diferente do titor/a)	DNI titular conta
----------------------------------	---	-------------------

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_


[www.arumeservicios.gal](http://www.arumeservicios.gal)

[info@arumeservicios.es](mailto:info@arumeservicios.es)

 Firma Titular de Conta  
 Firma Titular de Conta

**607 634 413**

### INFORMACIÓN XERAL

No nome de ARUME é un pracer saudarlles e informarlles de que o próximo curso seremos a empresa responsable do servizo de comedor e de madrugadores no seu centro.

1. Se desexa efectuar a **alta para o curso 2024-2025**, ARUME dispón da **App Colechef** onde os usuarios poderán rexistrarse e acceder sempre que o desexen para **solicitar cambios, consultar os menús, os seus datos no noso sistema (información persoal, días de asistencia previstos, facturación,...)**. Poderá remitir a ficha cuberta íntegramente a ARUME ao **email [info@arumeservicios.es](mailto:info@arumeservicios.es)**. Pregámoslle que a **lea atentamente e que firme** onde indicado para expresa-la súa conformidade coa realización do Proxecto Educativo que poderán consultar na nosa web, o *Regulamento do Comedor* exposto nos centros e as normas do servizo.
2. O teléfono que ARUME ten a disposición dos usuarios é o **607 634 413**. O horario de atención é **de luns a xoves de 9.30h a 14.00h y de 15.00h a 18.00h, os venres só en horario de mañá**. No verán (do 01/07 ao 31/08) só en horario de mañá. **En ningún caso se atenderán SMS**. Por outra banda, **tamén pode contactarnos en [info@arumeservicios.es](mailto:info@arumeservicios.es)**.
3. **A petición de alta, baixa ou modificación do servizo** (incluíndo o Calendario de días) deberá comunicárnola **antes do 25 de cada mes**, facéndose efectiva para o mes seguinte. Estas comunicacións **NUNCA deberán realizarse a través dos monitores/as**.
4. **Se falta algún dato, a solicitude non será válida**. Unha vez cuberta e entregada implicará, salvo notificación en contra e dentro dos prazos anteriormente indicados, a contratación e pago do servizo solicitado. Causará baixa no servizo cando se produza o impago do recibo. Non poderán facer uso dos servizos usuarios con recibos pendentes de pago.
5. ARUME non tén ningunha competencia na asignación e/ou obtención de becas. Non se farán descontos nos recibos mensuais por días de ausencia, salvo que sexan por enfermidade superior a 4 días consecutivos, teñan avisado das ausencias e se aporte un xustificante médico.

### INFORMACIÓN SOBRE O TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Desde o día 25 de maio de 2.018, é de aplicación a normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal ( RGPD). É por iso que che facemos chegar esta comunicación, para informarche con todo detalle sobre os tratamentos de datos persoais levados a cabo por ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALIEGA SLU con CIF B-27831783 (en diante, ALIMENTACION SALUDABLE), na súa condición de Responsable de Tratamento dos mesmos.

É o noso obxectivo tratar os teus datos con total transparencia e achegando sempre as maiores garantías de confidencialidade e seguridade. ALIMENTACION SALUDABLE designou un Delegado de Protección de Datos, ao cal podes dirixirte en calquera momento para consultar calquera dúbida sobre o tratamento dos datos persoais mediante correo electrónico a [lopd@alimentacionsaludablegallega.com](mailto:lopd@alimentacionsaludablegallega.com)

#### **Con qué finalidades trataremos os datos?**

Os datos persoais que nos facilites, así como os do teu fillo/a ou tutelado/a, serán tratados coa finalidade de xestionar todos os aspectos da prestación do servizo contratada, incluíndo a organización do servizo e a xestión administrativa do mesmo. A base xurídica para os devanditos tratamentos de datos é a execución do servizo contratado. Así mesmo, os teus datos poderán ser tratados coa finalidade de remitirche, por calquera medio incluíndo o electrónico, información sobre os servizos prestados por ALIMENTACION SALUDABLE. A base xurídica do devandito tratamento é o interese lexítimo de ALIMENTACION SALUDABLE de manter informados os seus usuarios sobre os seus servizos. Podes opoñerte, en calquera momento, ao tratamento dos teus datos para o envío de comunicacións sobre servizos de ALIMENTACION SALUDABLE mediante correo electrónico dirixido a [lopd@alimentacionsaludablegallega.com](mailto:lopd@alimentacionsaludablegallega.com)

#### **Cómo tratamos os datos de saúde?**

No caso de que o teu fillo/a ou tutelado/a teña algunha alerxia ou intolerancia é imprescindible que nolo comuniques de maneira que podamos garantir que recibe a atención necesaria. Os datos serán utilizados unicamente coa finalidade de adecuar os servizos á súa condición e serán eliminados unha vez finalizado o servizo contratado.

#### **Durante canto tempo conservaremos os datos?**

Os teus datos serán conservados durante o período de prestación dos servizos e, unha vez finalizada, conservaranse, debidamente bloqueados, durante todo o tempo en que resulte necesaria a súa conservación para atender aos requirimentos legais aplicables. Devandito prazo de conservación determinarase en base á lexislación aplicable en cada momento.

#### **Con quen compartiremos os datos?**

Os teus datos poderán ser comunicados a terceiros cando sexa necesario para o correcto desenvolvemento e control dos servizos (por exemplo, a entidades bancarias) ou cando unha lei así o requira. A base xurídica para as devanditas cesións é a existencia da relación mercantil, así como o cumprimento das posibles obrigacións legais derivadas da mesma.

#### **Cómo protexemos os datos?**

ALIMENTACION SALUDABLE está comprometida coa seguridade da información e definiu políticas de seguridade e procedementos para garantir a confidencialidade dos teus datos.

Podemos contratar a terceiros determinados servizos que poden supoñer o acceso e/ou tratamento de datos persoais, pero, en todo caso, esíxese que os terceiros cumpran coa lexislación vixente e coas nosas políticas de seguridade, debendo garantir o uso da información conforme ás instrucións de ALIMENTACION SALUDABLE e debendo implantar as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir a confidencialidade da información.

#### **Cales son os teus dereitos en materia de protección de datos?**

En calquera momento, podes exercer os teus dereitos dirixíndote ao Delegado de Protección de Datos, na dirección electrónica indicada.

En particular, podes solicitar o acceso aos datos persoais, solicitar a rectificación de calquera dato inexacto, solicitar a supresión dos teus datos persoais, solicitar a limitación do tratamento, así como solicitar a portabilidade dos mesmos, sempre nos termos previstos na lexislación vixente.

Así mesmo, cando a base xurídica para o tratamento sexa o interese lexítimo de ALIMENTACION SALUDABLE, poderás exercer o teu dereito de oposición ao tratamento dos datos persoais. Tamén te informamos da opción de presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, en caso de considerar que se cometeu unha infracción respecto ao tratamento dos teus datos persoais.

Acepto o tratamento de datos persoais nos termos citados imprescindibles para o servizo

Sí

Firma Titor/a:

Nome e apelidos:



[www.arumeservicios.gal](http://www.arumeservicios.gal)



[info@arumeservicios.es](mailto:info@arumeservicios.es)



607 634 413